

ABAU 2024
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
INGLÉS
(Cód. 11)

1ª PREGUNTA (5 puntos)

1.1. Indicate whether the following statements are true or false (T/F) according to the text. Copy that part (and ONLY that part) of the text which justifies your answer. (1.5 points)

Consta de seis apartados. O alumnado terá que decidir se a información exposta en cada apartado é verdadeira ou falsa e indicar a parte concreta do texto que xustifica a súa resposta. Se non se xustifica a resposta, a puntuación será de 0. Se non se indica “true” (T) o “false” (F), a puntuación será de 0. O alumnado debe responder en inglés utilizando “true” o “false”, e non os seus equivalentes en castelán ou galego.

1.2. For each of these words find a word or phrase in Text A with the same meaning. (1 point)

Consta de cinco palabras ou frases. Trátase de que o alumnado busque palabras ou grupos de palabras no texto que correspondan no seu significado a cada unha das palabras ou frases do examen. As palabras preséntanse na mesma orde en que aparecen no texto.

1.3. Write a new sentence that has the same meaning as the given one. You must use the word or expression in brackets. (2 points)

Consta de cinco apartados. Trátase de facer transformacións gramaticais utilizando as frases entre parénteses e conservando o mesmo significado da oración orixinal. As frases utilizadas non teñen que estar sacadas do texto. Con esta pregunta preténdese medir a competencia lingüística (gramatical) do alumnado ligada ás distintas funcións comunicativas (como formular hipóteses, dar explicacións, argumentar, suxerir, etc.). Se hai algún erro na oración, que non sexa estrutural, pódese descontar 0,1.

1.4. Pronunciation. (0.5 points)

Consta de catro apartados. Búscase que o alumnado sexa capaz de identificar como se pronuncia/n unha ou varias palabra/s ou unha parte concreta da/s mesma/s dela. As palabras utilizadas na pregunta non teñen que estar sacadas do texto necesariamente.

2ª PREGUNTA (5 puntos)

2.1. Indicate whether the following statements are true or false (T/F) according to the text. Copy that part (and ONLY that part) of the text which justifies your answer. (1.5 points)

(véxase pregunta 1.1.)

2.2. For each of these words find a word or phrase in Text B with the same meaning. (1 point)

(véxase pregunta 1.2.)

2.3. Write a composition answering this question: (2.5 points)

Avalíase a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da producción escrita. Valoraranse os seguintes parámetros:

- Contido e extensión: O alumnado aborda adecuadamente o tema proposto na extensión requerida. Non se repiten ideas innecesariamente. Demóstranse madurez e autonomía comunicativas. (ata 0,7 puntos)
- Riqueza e control do vocabulario: Preséntase un uso flexible e correcto dun léxico rico e variado adecuado para tema proposto segundo o nivel requerido. Arríscase no uso de certas expresións sen abusar de expresións idiomáticas. (ata 0,6 puntos)
- Corrección gramatical, ortografía e puntuación: O alumnado ten un repertorio básico de elementos lingüísticos e de estratexias que lle permiten abordar o tema con comodidade. Non comete errores gramaticais básicos, como, por exemplo, omitir ou suxeito diante dun verbo, omitir a -s da 3^a persoa do singular do presente simple (*she reads*), utilizar adjetivos en plural, usar incorrectamente os adjetivos posesivos e demostrativos, non dominar os tempos verbais e outros. Hai poucos errores ortográficos e empréganse correctamente os signos de puntuación. (ata 0,6 puntos)
- Cohesión e coherencia: O alumnado utiliza adecuadamente os conectores e demais medios de cohesión. O alumnado é capaz de organizar as súas ideas para redactar un texto coherente e ben estruturado. (ata 0,6 puntos)

Se o contido da composición non se adecúa ao tema requerido a puntuación será de 0 puntos.

3^a PREGUNTA (5 puntos)

3.1. Write a new sentence that has the same meaning as the given one. You must use the word or expression in brackets. (2 points)

(véxase pregunta 1.3.)

3.2. Pronunciation. (0.5 points)

(véxase pregunta 1.4.)

3.3. Write a composition answering this question: (2.5 points)

(véxase pregunta 2.3.)